

## Bloque 2. Tema 6.

### *O cambio dinástico e a Guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht).*

En 1700, *Carlos II de Habsburgo morreu sen descendencia*, deixando como *herdeiro da Coroa de España a Felipe de Borbón*, neto do rei Luís XIV de Francia, e emparentado por liña materna coa dinastía dos Habsburgo. Producíase así un cambio dinástico que non foi aceptado por todos os países europeos, o que acabou orixinando un conflito bélico, a **Guerra de Sucesión** á Coroa española. Esta tivo lugar entre 1702 e 1713, e as súas **causas** foron fundamentalmente dúas:

- ➔ O novo rei, *Felipe V, foi aceptado e recoñecido* como monarca inicialmente polas Cortes de Castela, Aragón, Cataluña, Sicilia, Nápoles e Milán. Sen embargo, *os Habsburgo de Austria non aceptaron* que a Monarquía Hispánica pasase aos Borbóns, polo que defenderon ao seu propio candidato ao trono, o arquiduque Carlos de Austria, fillo do emperador Leopoldo I.
- ➔ *A posibilidade da unión das Coroas de España e Francia* e o papel preponderante e de control que desempeñaba Luís XIV *atemorizou aos reinos europeos*, que se uniron e iniciaron a guerra contra os intereses dos Borbóns.

Así, a comezos do século XVIII conformáronse **dous bandos en conflito**. En 1701 formouse unha alianza antiborbónica entre Austria, Inglaterra e Holanda, á que logo se uniron Prusia, Portugal, Savoia e a maioría dos príncipes alemáns e italianos. Uns trataban de evitar a hexemonía borbónica e defender a candidatura ao trono español de Carlos de Austria; outros buscaban a división das posesións españolas e obter vantaxes no seu comercio colonial.

*A Guerra de Sucesión foi tanto un conflito internacional como un conflito interno dentro da Monarquía Hispánica.* Os territorios da Coroa de Castela (incluídas as provincias vascas e o reino de Navarra) apoiaron a Felipe V. En cambio, os territorios da Coroa de Aragón (Cataluña, Aragón, Valencia e Baleares), despois de recoñecer a Felipe V, apostaron polo arquiduque Carlos de Austria, temerosos da política centralizadora que representaba a monarquía borbónica, e sendo máis partidarios da antiga monarquía pactista dos Habsburgo.

O enfrontamento estendeuse por toda Europa con vitorias e derrotas para os dous bandos, pero o feito que propiciou o inicio das conversacións para lograr a paz foi o cambio de posición das potencias europeas aliadas de Austria, xa que tras a morte do Emperador en 1711, o arquiduque

Carlos convertírase no herdeiro do Imperio. O perigo dunha hexemonía austríaca se Carlos se cinguía, ademáis, a Coroa española, era tan grande como unha unión francoespañola.

Estes cambios nas posicións das potencias levaron á coñecida como **Paz de Utrecht**. Esta asinouse nos **Tratados de Utrecht** (1713) e de **Rastatt** (1714) nos que, co obxectivo de manter o equilibrio europeo, estableceuse o seguinte:

- ➔ Recoñeceuse a Felipe V de Borbón como rei de España, pero a cambio este tivo que renunciar á Coroa de Francia.
- ➔ Felipe V tamén debeu entregar os Países Baixos españois, Nápoles, Milán e Sardeña ao emperador de Austria, Sicilia ao rei de Piemonte, a colonia de Sacramento (no actual Uruguay) a Portugal, e Xibraltar e a illa de Menorca a Gran Bretaña, que ademáis obtiña importantes concesións comerciais (un navío de permiso para comerciar coa América española e o asento de negros).

A pesar de asinarse a paz a nivel internacional, a guerra continuou en España. As tropas de Felipe V conquistaron Barcelona o 11 de setembro de 1714 e as illas de Mallorca e Eivisa (Ibiza) xa no ano *1715, poñendo fin así á Guerra de Sucesión.*